

Concello de Viveiro

EXPEDIENTE: 2369/2021

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D. JESÚS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, en exercicio das funcións de Alcaldía, do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia número 119, de 28 de maio de 2021, publica a convocatoria do proceso para a selección de persoal laboral temporal mediante a modalidade de contrato laboral eventual por circunstancias da produción, ao amparo do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería Do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, para a contratación de un xefe de brigada non incluído no cadro de persoal do Concello.

Vistas as bases xerais, anexos e específicas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro ao amparo da segunda addenda ao convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a Entidade Local de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, para a contratación de cinco traballadores non incluídos no cadro de persoal do Concello, con número de expediente: 2369/2021.

Vista a base xeral 8.3 que sinala “(...) **LISTA DEFINITIVA.-** *Transcorrido, no seu caso, o prazo indicado no punto anterior, aprobarase por Resolución da Alcaldía a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no procedemento selectivo. A aprobación desta lista definitiva suporá a estimación ou desestimación das subsanacións presentadas polos aspirantes excluídos...*”

Vista a base xeral 9 que sinala “(...) **PROBA DO COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.-** *Con anterioridade á realización da fase de concurso procederase ao desenvolvemento da proba de coñecemento de lingua galega aos/ás aspirantes que deban realizala segundo o establecido nas presentes bases.*

A proba de galego consistirá na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán. Os aspirantes disporán dun máximo de quince minutos para realizar esta proba. Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e calificarase como apto ou non apto. Quedarán excluídas do proceso selectivo os aspirantes que obteñan a calificación de non apto...”

Tendo en conta que dada a urxente e inaprazable necesidade da contratación de un Xefe de Brigada para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, ao abeiro do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería Do Medio Rural e o Concello de Viveiro, e atendendo ao inicio da época de verán e os perigos que conleva os incendios forestais.

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Citar a todos os aspirantes que figuran na lista provisional de admitidos e excluídos na que se indica “**NON EXENTO (Pode ser obxecto de subsanación)**”, da realización da proba de galego, por motivos de urxente e inaprazable necesidade, a acudir **venres día 02 de xullo de 2021 ás 11:00 h.** no Salón de Plenos deste Concello para a realización da proba de galego, coa seguinte salvidade:

Únicamente deberán realizar nesta data a proba de galego os referidos aspirantes que



Concello de Viveiro

figuren na lista definitiva de admitidos e excluídos con **“admitidos e NON EXENTOS”**.

Polos motivos de urxencia referidos e toda vez que o prazo de alegacións á lista provisional remata o vindeiro 01 de xullo de 2021, co fin de convocar esta proba coa suficiente antelación dítase a presente resolución, facendo fincapé en que os aspirantes finalmente obrigados á realización da proba de galego serán os que figuren na lista definitiva de admitidos e excluídos como ADMITIDOS e NON EXENTOS.

A lista definitiva de admitidos e excluídos será ditada e publicada o vindeiro día 02 de xullo de 2021, antes das 9:30 h.

SEGUNDO.- Citar aos membros do Tribunal para o día 02 de xullo de 2021 ás 08:00 h., ós efectos de levar a cabo a revisión da documentación presentada nas alegacións á lista provisional, elaborar proposta de lista definitiva de admitidos e excluídos, realizar a proba de galego, e a continuación a valoración de méritos.

TERCEIRO.- Contra esta resolución os aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante do Presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

1º Teniente de Alcalde por delegación
en función do decreto de data
18-06-2021

Jesús Fernández Fernández

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo
3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

